


MEMORIA

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso 2022/2023



CPI de ATIOS
Valdoviño

| Coordinadora do ciclo: María Carmen Barro Sueiras | | |
|----------------------------------------------------------------------|----------------|----|
| Titores do ciclo e demais especialistas integrantes do ciclo: | Niveis: | |
| Eva Belén Castro Cruz (titora 5ºA) | 1º | |
| Eva Mª Gómez Leira (titora de 5ºB) | 1º | |
| Mª Dolores Freire Villar (titora 6ºA) | 1º | |
| Blanca Esther Riveira Roca (titora 6ºB) | | 2º |
| Rosa Pazos García (titora 6º C) | | 2º |
| Antonio J. Rodríguez Rodríguez (mestre especialista E. Física) | 1º | 2º |
| Mª del Carmen Barro Sueiras (mestra especialista en L.Inglesa) | 1º | 2º |

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

A programación impartida acadou para os dous cursos entre o 85% e 90% dos estándares previstos no cómputo total do curso. Entre as razóns da programación non impartida cabe destacar:

Este curso o número de nenos enfermos por diversos virus foi dificultando o normal desenvolvemento da programación.

O elevado número de alumnos-as con NEAE, a necesaria adaptación do alumnado ás mestras e viceversa.

O seguimento da mesma fíxose nas reunións de ciclo e nas sesións de avaliación.

Alumnado con NEAE.

No 5º nivel hai 1 alumno con NEAE, con ACI e outros 4 que recibiron apoio, atendidos nas aulas de PT e un alumno de Altas Capacidades.

En 6º nivel hai alumnos con NEAE: 2 alumnos e alumnas con ACI e 4 alumnos con reforzo, tendo en conta, ademais, que un deles é un alumno procedente de Brasil no curso pasado e que ten dificultades coa lingua e co nivel de contidos e destrezas con respecto ao curso de 6º de Primaria.

Desde a titoría e o DO fíxose un seguimento individualizado do alumnado con dificultades de aprendizaxe e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumno segundo permiten os recursos do centro.

Respecto ao grao de consecución dos **estándares** e obxectivos podemos considerar que acadamos un nivel satisfactorio, sobre todo tendo en conta as dificultades atopadas nos dous niveis. No quinto nivel a porcentaxe de alumnado que superou todas as áreas foi dun 95'9 %e para o sexto nivel foi dun 90'7 %.

A avaliación foi positiva.

No 5º nivel, dos 49 alumnos/as do curso, 47 alumnos/as aprobaron todas as materias. Hai 1 alumna con 1 materia suspensa e 1 alumno con 3 materias suspensas.

No 6º nivel, dos 54 alumnos/as do curso, 49 alumnos/as aprobaron todas as áreas. Cunha materia suspensa hai 3 alumnos/as, con 2 materias suspensas hai 2 alumnos/as; con 4 materias suspensas hai 1 alumno.

No 6º nivel 1 alumno repite curso.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado foi global e continua tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas do currículo.

A **programación** de cada área atense ao currículo (en 5º xa a LOM-LOE) e pretende mellorar as Competencias Clave do alumnado do niveis de 5º e 6º de Primaria. Nos dous niveis traballouse dentro de Proxecto Abalar e cos libros de e-Dixgal, que potencian o emprego das novas tecnoloxías, favorecendo así a adquisición das competencias. Tamén se traballou no 5º e 6º nivel en cooperativo, así como nas tarefas que conceden máis importancia ás competencias que aos contidos.

As programacións de 5º realizáronse a través da aplicación “PROENS”.

C) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

As programacións apenas foron modificadas, se ben sufriron certa lentitude ao impartirse, polos motivos antes mencionados.

A participación en proxectos do centro volveu á normalidade, formando parte de todas as actividades e conmemoracións que se levaron a diante durante este curso 2022-23.

O **alumnado con necesidades educativas** foi atendido segundo as súas características e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumna ou alumno. Mantivéronse e reforzáronse, na medida do posible, os apoios que se estableceran durante o curso e o profesorado do Departamento de Orientación atendeu individualmente as necesidades deste alumnado. Aínda así necesitaríanse máis apoios debido ao número tan alto de alumnado nos 5ºs e ás características tan heteroxéneas que se dan.

Neste curso apareceu unha nova materia en 6º de Primaria: “Hábitos Saudables”. A conclusión foi que a materia foi ben escollida xa que non só participou o curso de 6º no coñecemento dos contidos, senón que tamén fixeron actividades nas que implicaron a outros cursos nunha vida máis saudable como “As merendas saudables” nos recreos e outras actividades que fixeron que a materia formara parte do centro escolar.

D) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

A lentitude á hora de dar os contidos foi motivada por:

- Adecuación ao nivel do alumnado e ao ritmo de clase.
- A situación sanitaria do curso 2020-21 fixo que este curso se apreciaran retrasos debido a falta de clases presenciais no curso anterior.
- Dificultades de aprendizaxe, reforzos educativos e ACIs existentes.
- Alumnado con características moi distintas entre eles e aulas moi numerosas.

Aínda así, a porcentaxe dos obxectivos propostos na programación orixinal, foi acadada satisfactoriamente.

E) Análise dos resultados da avaliación dos alumnos, comparando os dous niveis.

Observación: Estes son datos do mes de xuño, que é cando se entregan as memorias.

| EDUCACIÓN PRIMARIA 5º NIVEL | | | | | | | | | |
|------------------------------------------------|------|--------|-----------|-----------|------------|-------------|-----------|-----|---------|
| NÚMERO DE ALUMNADO | | | | | | | | | 49 |
| ALUMNADO REPETIDORES | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO CON NEAE | | | ACI: 1 | | REFORZO: 5 | | OUTRAS: 2 | | |
| ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS | | | | | | | | | 47 |
| ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA | | | | | | | | | 1 |
| ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 3 |
| ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS | | | | | | | | | |
| CCNN | CCSS | Ed.Art | Ed.Física | L.Castelá | L.Galega | Matemáticas | Inglés | Rel | Valores |
| 48 | 49 | 49 | 49 | 48 | 47 | 49 | 49 | | 49 |
| ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS | | | | | | | | | |
| CCNN | CCSS | Ed.Art | Ed.Física | L.Castelá | L.Galega | Matemáticas | Inglés | Rel | Valores |
| 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | | 0 |
| ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (cubrir en xuño) | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS | | | | | | | | | 0 |
| MATERIAS NON CONFORMES | | | | | | | | | 0 |

| EDUCACIÓN PRIMARIA 6º NIVEL | | | | | | | | | |
|-----------------------------------------------|------|---------|-----------|-----------|------------|-----|-----------|-----|-----|
| NÚMERO DE ALUMNADO | | | | | | | | | 54 |
| ALUMNADO REPETIDORES | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO NEAE | | | ACI: 2 | | REFORZO: 8 | | OUTRAS: 0 | | |
| ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS | | | | | | | | | 49 |
| ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA | | | | | | | | | 3 |
| ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 2 |
| ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 0 |
| ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS | | | | | | | | | 1 |
| ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS | | | | | | | | | |
| CCNN | CCSS | Ed.Art | Ed.Física | L.Castelá | L.Galega | Mat | Inglés | Rel | Val |
| 53 | 54 | 54 | 54 | 53 | 50 | 52 | 52 | | 54 |
| ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS | | | | | | | | | |
| CCNN | CCSS | Ed. Art | Ed.Física | L.Castelá | L.Galega | Mat | Inglés | Rel | Val |
| 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4 | 2 | 2 | | 0 |
| ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (curbir en xuño) | | | | | | | | | 1 |
| ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS | | | | | | | | | 0 |
| MATERIAS NON CONFORMES | | | | | | | | | 0 |

| ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS | | | | | | | | | | |
|--------------------------------------------|------|------|----------|------------|----------------|---------------|-----------------|----------------|----------|---------|
| | CCNN | CCSS | Ed. Art. | Ed. Física | Lingua Castelá | Lingua Galega | Matem. | Lingua Estranx | Rel | Valores |
| 5° NIVEL | 48 | 49 | 49 | 49 | 48 | 47 | 49 | 49 | 18 | 31 |
| 6° NIVEL | 53 | 54 | 54 | 54 | 53 | 50 | 52 | 52 | 16 | 38 |
| ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS | | | | | | | | | | |
| | CCNN | CCSS | Ed. Art. | Ed. Física | Lingua Castelá | Lingua Galega | Matem. | Lingua Estranx | Rel | Valores |
| 5° NIVEL | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 6° NIVEL | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA | | | | | | | 5° Nivel | | <i>0</i> | |
| | | | | | | | 6° Nivel | | <i>1</i> | |
| ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS | | | | | | | 5° Nivel | | <i>0</i> | |
| | | | | | | | 6° Nivel | | <i>0</i> | |
| MATERIAS NON CONFORMES: | | | | | | | 5° Nivel | | <i>0</i> | |
| | | | | | | | 6° Nivel | | <i>0</i> | |

F) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

- A partir da avaliación inicial, adaptar canto antes, a programación ás necesidades educativas do alumnado. Con tal fin, aconséllase consultar os informes individualizados que foron realizados este curso, e foron achegados aos expedientes dos alumnos/as.
- Intentar mellorar a competencia dixital do alumnado.
- Potenciar as tarefas que conceden máis importancia ás competencias fronte aos contidos.
- Continuar co traballo cooperativo en 5º e 6º para que o alumnado sexa consciente do traballo que vai a realizar.
- O fomento da lectura e o uso da Biblioteca Escolar. Continuar coas diferentes actividades (lecturas, dramatizacións...), encamiñadas ao fomento da lectura.
- Retomar os Obradoiros de Robótica e o Club de Ciencias que quedaron parados por causa da pandemia e que resultan motivadores e contribúen ao desenvolvemento competencial do alumnado.
- Darlle uso ao material concedido a través dos “Polos Creativos” por medio das distintas materias e especialmente a través do “Proxecto Competencial”.
- Fomentar o uso do galego nos distintos ámbitos da nosa vida educativa e fóra dela para intentar recuperar o noso idioma que está a desaparecer da nosa vida cotiá (tanto no profesorado como no alumnado).
- Potenciar os obxectivos que impliquen a adquisición de valores, e incluír máis actividades que potencien a cohesión dos grupos.

G) Avaliación da práctica docente.

Atopamos serias dificultades á hora de impartir clase nas aulas de quinto debido ao alto número de alumnado e ás grandes diferencias de coñecementos e inquietudes entre eles/as. Isto dificulta a marcha das clases, o cambio de actividade, as lecturas en voz alta... así mesmo fai difícil unha atención máis individualizada para os que máis o necesitan, descompensándose o valor de “igualdade de oportunidades” do que tan orgullosos/as nos sentimos na escola pública.

O profesorado atópase con maior carga de traballo cada ano ao contar, cada curso escolar que pasa, con máis carga burocrática e menos apoios na aula ou fóra dela, tendo en conta que o alumnado post-Covid é un alumnado con menos iniciativa e menos capacidade de esforzo. Hai que ter en conta que este alumnado ten por primeira vez, dende o 2020 un curso normalizado. Atopamos cada vez máis dispersión e menos entusiasmo polas tarefas educativas e máis alumnado que necesita dunha aprendizaxe moi individualizada na aula.

Por outra banda, o alumnado que chega novo ao terceiro ciclo ten que adaptarse a un centro novo e aínda que no noso centro, non teñen grandes problemas de adaptación social, si que á hora do traballo diario vemos que necesitan de reforzo e maior atención para poder integrarse con resultados positivos na aprendizaxe.
